

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 5, 20-26

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Asegúrovos que se a vosa xustiza non é maior cá dos letrados e fariseos, non entraredes no Reino dos Ceos.

Tedes oído que se lles dixo ós vosos devanceiros: “Non matarás”, e quen mate será reo ante o tribunal. Pero eu dígovos: Todo o que se enrabeche co seu irmán será reo perante o tribunal; quen o alcume será reo perante o Sanedrín; e quen o aldraxe será reo do lume do inferno.

Se ó presentares a túa ofrenda no altar, alí te acordas de que teu irmán ten queixas contra ti, pousa a ofrenda alí mesmo diante do altar, vaite primeiro reconciliar co teu irmán, e logo volve para presentar a túa ofrenda.

Ponte de acordo canto antes co teu preiteante, mentres ides de camiño; non sexa que te entregue ó xuíz, o xuíz ó garda, e te boten na cadea. Ten por seguro que non sairás de alí ata que deas pagado o derradeiro céntimo.»